



Extracto da resolución de Alcaldía núm. 422 do día 23/10/2017 pola que se convocan subvencións para o FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2017.

De acordo co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións que cumpran con todos e cada un dos requisitos seguintes:

- a) Asociacións sen ánimo de lucro.
- b) Asociacións de ámbito local con personalidade xurídica propia.
- c) Asociacións que desenvolvan as súas actividades no termo municipal.
- d) Asociacións que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Malpica de Bergantiños.
- e) Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Malpica de Bergantiños. (Queda excluída calquera federación deportiva)

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Segundo. Obxecto.

As subvencións que se concedan conforme ás bases terán por obxecto:

1. Colaboración nos gastos correntes derivados da realización das actividades de promoción deportiva ou participación en campionatos deportivos federados polos suxeitos mencionados no artigo 2 das presentes bases.
2. Gastos xerais de funcionamento, conservación, mantemento ou reparación menores da entidade, que non teñan o carácter de investimento.
3. A entidade que recibise unha axuda do Concello de Malpica fará constar en lugar visible e destacado da publicidade da actividade a colaboración do Concello de Malpica de



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Bergantiños coa lenda: “subvencionado polo Concello de Malpica de Bergantiños” acompañada do seu anagrama. O tamaño do anagrama e lenda deberá ser, cando menos, de igual tamaño que os restantes que aparezan no mesmo soporte gráfico.

4. A publicidade e materiais gráficos elaborados con motivo das actividades que reciban axudas do Concello de Malpica de Bergantiños utilizarán o idioma galego.

5. Non serán subvencionables os gastos en bebidas alcohólicas, carburantes, alimentación, nin viaxes ou excursións, neste último caso salvo que se xustifique suficientemente o seu carácter exclusivamente deportivo.

Terceiro. Bases reguladoras.

As bases específicas reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na convocatoria aprobada en data 23/10/2017 e publicada no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* núm. 206, do día 30/10/2017.

Cuarto. Contía da axuda.

Os créditos orzamentarios aos que se lles imputa a subvención recóllense na aplicación 340.48000 e a contía total máxima das subvencións convocadas é de 21.000 euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán formularse a través do Rexistro Telemático (<http://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>), no prazo de 20 días naturais que comezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Concello de Malpica de Bergantiños.

Sexto. Outros datos.

Deberanse achegar á solicitude os seguintes documentos:

1. Memoria explicativa das actividades a realizar ou realizadas durante a tempada 2017.



2. Orzamento detallado da entidade.
3. Documento que acredite o número de socios da entidade no momento da presentación da solicitude e o número de licenzas federativas e as categorías nas que se desenvolven as actividades deportivas.
4. Documento que acredite oo acordo da solicitude.e o nomeamento do representante.
5. Certificado de titularidade da conta bancaria na que realizarán os pagamentos.
6. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
7. Declaración responsable de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como autorización ó concello para a verificación de atoparse ó día coa facenda municipal.
8. Certificado en vigor acreditativo de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social, a Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia.
9. Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
10. Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
11. Documento que acredite a composición da Xunta Directiva da entidade.
12. Fotocopia do DNI do representante da entidade

Non será necesaria achegar a documentación dos puntos 9º, 10º e 11º anteriores, cando xa conste nas dependencias do Concello ao estar inscritas as entidades no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando se presente declaración xurada de que non se teñen modificado os datos e circunstancias incluídas na dita documentación e que non ten transcorrido máis de 5 anos dende a súa presentación.

Asinado dixitalmente en Malpica de Bergantiños polo Sr. Alcalde D. Eduardo José Parga Veiga.